


COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido firmado por A Alcaldesa-Presidenta (MARIAN FERREIRO DIAZ) a les 13:56 del día 21/08/2024. Mediante el código de verificación 282B6V0S6X525Z1B0ZT8 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



Datos Do Expediente:

EXPEDIENTE XENERICO		
Unidade Tramitadora:		
Servizos Sociais – JPLB		
Número expediente:	Documento:	
 SSO/2024/172	 SSO18S03QA	
282B 6V0S 6X52 5Z1B 0ZT8		
		

BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE AXUDAS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DE AGASALLOS DE NADAL 2024

1.- Obxecto, condicións e finalidade

O obxecto destas bases é a regulación da concesión de axudas destinadas á integración das persoas que carezan de recursos económicos propios suficientes, procurando que os menores das familias máis desfavorecidas do Concello de Narón teñan un agasallo polo Nadal, contribuíndo así ao fomento da igualdade dos nenos e nenas pertencentes a familias que, neste momentos, teñan unha precaria situación económica.

2.- Compatibilidades

Estas axudas serán compatibles coas concedidas por calquera outra administración pública ou privada, sempre e cando o total das axudas concedidas non supere o 100 % do custo real dos materiais financiados.

3.- Procedemento de concesión

A concesión das axudas efectuarase en réxime de concorrência competitiva, con subxección á Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón e, no que non estea contemplado neste texto, serán de aplicación as normas contidas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no RD 887/2006 regulamento que desenvolve a Lei 38/2003, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Dando cumprimento ao establecido na disposición final décima terceira da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023, estas axudas están integradas no Plan Estratéxico de Subvencións (PES) do Concello de Narón en vigor, establecéndose nestas bases os criterios de obxectividade e igualdade para facilitar, a través da asignación de recursos públicos, a integración das familias que estean nunha precaria situación económica, procurando que os menores das familias máis desfavorecidas do Concello de Narón teñan un agasallo polo Nadal.

4.- Aplicación orzamentaria e contía total da mesma

A concesión destas axudas financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 2312.48002 do orzamento do Concello de Narón para o exercicio 2024, polo importe máximo de 15.000 euros.

5.- Beneficiarios/as

Poderán solicitar as axudas todas as familias empadroadas en Narón, con fillos/as menores que a 31 de decembro de 2024 teñan unha idade comprendida entre 0 e 16 anos.

Para poder solicitar estas axudas teranse en conta as seguintes circunstancias familiares:

- Os representantes legais – pai, nai ou tutor/a- dos/as menores.
- No suposto de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores ou outros procedementos relacionados con menores, o destinatario da axuda será o pai ou nai que teña atribuída a custodia do menor, de acordo co establecido no convenio regulador ou resolución xudicial. No caso de custodia compartida so poderá solicitala un dos proxenitores e se solicitan os dous só se terá en conta o pai/nai co que estea empadroadado o menor.
- No suposto de acollemento, o destinatario da axuda será a persoa ou persoas que o teña adxudicado por resolución administrativa ou auto xudicial.

Non poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas cuxa unidade de convivencia supere o límite de ingresos anuais establecidos na táboa do apartado “Criterios de concesión”.

Os/as beneficiarios/as das axudas veñen obrigados/as a:

- Cumprir coa finalidade para a que foi concedida a axuda.
- Someterse ás actuacións de comprobación que o Concello de Narón poida acordar para comprobar que os fins aos que se destina a axuda se corresponden cos fins para os que se solicitara e concedera a mesma, e para comprobar se cumpren todas as condicións esixidas para a concesión da axuda.

De acordo co establecido no art. 14.1.k da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, as persoas beneficiarias estarán obrigadas a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Administración no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

6.- Lugar, prazo, e documentación para a presentación de solicitudes

As solicitudes poderanse presentar xunto coa documentación correspondente:

- Na sede electrónica do Concello de Narón.
- No Rexistro Xeral do Concello, conforme ao modelo oficial facilitado polo Concello.
- Por calquera outro dos medios previstos no art. 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles contados desde o día seguinte ó da publicación do extracto da convocatoria no BOP da Coruña, publicación que se levará a cabo a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Non serán admitidas a trámite as solicitudes presentadas fora do prazo establecido para solicitar, ditándose resolución pola que se declara o arquivo sen máis trámite, que será notificada ao interesado.

A solicitude, segundo o modelo oficial facilitado polo Concello, incorporará a declaración responsable dos seguintes extremos:

- o Que non concorren as circunstancias que se contemplan no art. 13 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de subvencións, para obter a consideración de beneficiario.
- o Que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias (Estado, Comunidade Autónoma e Concello) e coa Seguridade Social.
- o Que non é debedor/a de obrigas por reintegro de subvencións.
- o Que, de ser beneficiario/a doutras axudas para a mesma finalidade, o total das axudas concedidas non supera o 100% do custe real dos materiais financiados.

Así mesmo, coa solicitude, deberán acompañar a seguinte documentación:

- 1.-DNI ou documento de identificación equivalente da persoa solicitante e dos/as maiores de 16 anos da unidade de convivencia.
- 2.-Libro de familia.
- 3.-Declaración da renda de todos os membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos ou, no caso de non estar obrigados a facela:

- o Certificado de imputación de rendas de Facenda de todos os membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos.
- o No caso de pensionistas: certificado do organismo pagador acreditativo das prestacións que percibe.
- o No caso de desempregados/as: certificación do SEPE acreditativa de estar en situación de desemprego e percepción de prestación, de ser o caso.
- o No caso de estar traballando: contrato de traballo e últimas dúas nóminas das persoas maiores de 16 anos que realicen actividades laborais.
- o No caso de inactivos/as: documento do SEPE acreditativo de non estar inscrito como demandante de emprego das persoas maiores de 16 anos.

4.-Resumen dos movementos bancarios dos últimos 6 meses, emitido pola entidade bancaria, de todas as contas bancarias de que son titulares os membros da unidade de convivencia.

5.-Contrato de alugueiro ou hipoteca da vivenda habitual e recibos dos últimos tres meses, de ser o caso.

6.-Resolución xudicial de separación/divorcio/alimentos ou de medidas provisionais, ou xustificante de ter presentado a demanda, de ser o caso.

7.-Outros específicos requiridos polo Concello segundo as circunstancias ou necesidades para a correcta valoración da solicitude.

O órgano instructor comprobará de oficio o empadramento ou a residencia do solicitante cos membros da unidade de convivencia. Naqueles expedientes nos que sexa necesario unirse o documento acreditativo do empadramento ou de residencia.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por A. Alcadesa-Presidenta (MARIAN FERREIRO DIAZ) a les 13:56 del día 21/08/2024. Mediante el código de verificación 282B6V0S6X525Z1B0ZT8 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



As persoas solicitantes que sexan beneficiarias de RISGA / IMV quedarán exoneradas de presentar a documentación referida no apartado anterior cando consten debidamente acreditadas as circunstancias no expediente do Servizo Sociocomunitario, debendo incorporarse neste caso un informe da Unidade de traballo Social de referencia acreditativo do número de membros da unidade de convivencia e de cumprir co requisito do umbral de renda. Na solicitude deberán facer constar que son perceptores/as de RISGA / IMV.

Aqueles/as solicitantes que resultaran beneficiarios/as de axudas de material escolar para o curso 2024-2025 ou que a solicitude estivese informada favorablemente pero pendente de concesión, non terán que achegar a documentación anterior, por constar no expediente incoado nese procedemento, excepto a declaración responsable de que manteñen a mesma situación económica. Na solicitude deberán facer constar que son beneficiarios/as de axudas de material escolar para o curso 2024-2025.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, o/a solicitante das axudas deberá mencionar o expediente ao que deberá incorporarse dita documentación.

7.- Criterios de concesión

O criterio de valoración será que a unidade de convivencia da persoa solicitante non supere o límite de ingresos anuais establecidos na seguinte táboa, referidos ao IPREM anual vixente (incluídas as pagas extraordinarias) en función do número de membros da unidade convivencia:

Nº membros unidade de convivencia	Límite de ingresos anuais
2	IPREM + 70 %
3	IPREM + 90 %
4	IPREM + 110 %
5	IPREM + 130 %
6	IPREM + 150 %
7 ou mais	IPREM + 170 %

Teranse en conta como ingresos das persoas que traballan por conta propia e asimiladas procedentes de actividades profesionais, o importe dos ingresos íntegros computables incluídos na última declaración do IRPF vencida, deducido o importe aboado en concepto de cotas á Seguridade Social e demais gastos necesarios para o desenvolvemento da actividade, a excepción dos casos nos que se acredite o cesamento da actividade.

Cando eses importes fosen inferiores ao importe das cotas que se aboen á Seguridade Social, computarase como ingreso unha cantidade igual ao importe das devanditas cotas.

Considerase que non carecen de recursos económicos suficientes para a atención desta necesidade as persoas cuxo capital mobiliario, nos seis meses anteriores á solicitude, supere a contía de catro veces o límite de ingresos establecidos neste artigo.

8.- Órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento

Corresponderá ao Servizo Sociocomunitario Municipal a instrución dos expedientes, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, de ser o caso, requirirá ós/ás solicitantes para que no prazo de 10 días hábiles se emende a solicitude ou complete a documentación preceptiva (art. 68.1 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistido da súa petición, logo da Resolución que deberá ser ditada nos termos do art. 21 da Lei 39/2015, e notificada ao/a interesado/a.

A cada expediente incorporarase un informe de avaliación provisional asinado polo/a Técnico/a correspondente.

Este informe reflectirá os datos da persoa solicitante e de todos os menores incluídos na mesma solicitude para os que se solicita a axuda, valorará os requisitos a cumprir, a documentación aportada e a situación económica da unidade de convivencia, concluíndo co resultado da valoración (proposta de concesión ou denegación da axuda).

O informe de avaliación provisional sinalará a contía total da axuda por solicitante e detallará a/as contía/s individuais por cada menor beneficiario ou, no caso de denegación, concretará a/s causa/s de denegación.

Os expedientes que reúnan as condicións para continuar coa súa tramitación serán remitidos á Comisión de Valoración, quen poderá solicitar o asesoramento dos/das técnicos/as que estime necesarios e informe técnico do departamento tramitador, se así o considerase oportuno.

A Comisión de Valoración emitirá acta na que se recollerá a relación de solicitantes, o/a menor beneficiario/a para quen se propón a concesión ou denegación da axuda, o importe da axuda e as causas de denegación.

O órgano instructor, á vista da acta da Comisión de Valoración, formulará proposta de resolución motivada ao órgano competente para resolver facendo constar expresamente que, da información que obra no seu poder, se desprende que os/as beneficiarios/as cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás axudas.

Esta proposta de resolución conterá unha relación con todos os expedientes avaliados pola Comisión de Avaliación, desagregados por menor beneficiario/a e proposta de resolución das axudas no sentido que proceda (concedida, denegada).

De ser o caso, poderase formular unha proposta de resolución para a concesión de axudas, e outra proposta de resolución para a denegación de axudas.

No caso de Concedidas: sinalarase o/a solicitante, o/a menor beneficiario/a e o importe individual da axuda para cada beneficiario/a, tendo en conta que o importe total das mesmas non pode superar o crédito consignado.

No caso de Denegadas: faranse constar as causas de denegación (Non estar empadroadado/a, superar os ingresos, outras causas)

O órgano competente para resolver será a Alcaldía quen, a proposta do órgano instructor e previa a acta da Comisión de Valoración, emitirá resolución de aprobación ou denegación, segundo o procedemento establecido na Lei 38/2013 Xeral de Subvencións, na Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, e na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.

O prazo máximo para resolver será de seis meses contados a partir da data de solicitude, agás que sexa necesario requirir datos aos/as solicitantes e se paralice o procedemento por tal causa, nos termos establecidos no art. 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O silencio administrativo terá carácter desestimatorio.

En todo caso, a prestación concederáse en función do crédito dispoñible da contía máxima establecida para a convocatoria. Por este motivo non será suficiente para percibir a prestación con que o/a solicitante reúna os requisitos esixidos, senón que é preciso que exista dotación orzamentaria adecuada e suficiente. No caso de que o orzamento dispoñible non fora suficiente terán preferencia as solicitudes con renda familiar mais baixa.

9.- Comisión de Valoración:

A comisión de valoración estará integrada polos seguintes membros:

- O/a Alcalde/sa ou Concelleiro/a en quen delegue a área de Benestar Social.
- O/a Xefe/a do Servizo Sociocomunitario.
- Un/Unha Técnico/a de Xestión do Servizo Sociocomunitario.
- O Secretario Xeral do Concello ou persoa en quen delegue.

10.- Importe e pagamento da axuda

A contía da axuda será de 60 euros por menor e o pagamento da mesma realizarase mediante a entrega dun "VALE", asinado pola Concellería Delegada, que será presentado en calquera dos establecementos comerciais do termo municipal de Narón que acepte este medio de pagamento, para poder adquirir os artigos que o/a solicitante demande, polo importe máximo que figure no referido "VALE", que coincidirá co importe da axuda outorgada.

O "VALE", no que figurará como titular o/a solicitante, caducará no prazo que no mesmo se indique e non poderá ser fraccionado, é dicir, o importe total de cada vale só poderá ser utilizado nun único establecemento.

O establecemento comercial que subministre os artigos deberá expedir unha factura por cada VALE, cos seguintes requisitos:

- A factura deberá cumprir coa normativa vixente en materia de facturación e especificará todos os artigos subministrados, desglosando o IVE que corresponda a cada artigo.
- Cada factura acompañará o seu correspondente "VALE" orixinal.
- O prazo máximo de presentación da factura será o que conste no "VALE".
- O importe máximo da factura será o importe do "VALE".

Se o valor dos artigos fose inferior ao importe do "VALE", en ningún caso o establecemento comercial reintegrará a diferenza á persoa beneficiaria da axuda, facturando o importe realmente invertido.

Se o valor dos artigos fose superior ao importe do "VALE", o establecemento comercial facturará como máximo o importe do vale, debendo a persoa beneficiaria da axuda aboar o exceso.

As facturas tramitaranse e serán aboadas de acordo co disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e demais normativa de aplicación ás Administracións Públicas.

11.- Gasto para o que se concede a axuda

As axudas concedidas terán como destino a adquisición de agasallos de Nadal como: xoguetes, libros, roupa, calzado, artigos de deporte, material didáctico, instrumentos musicais, material informático e calquera outro que sexa propio das festas de Nadal, quedando excluída a adquisición de produtos alimenticios, de limpeza e de hixiene.

12.- Incidentes producidos despois da resolución da convocatoria

Calquera incidente sobrevido que se produza despois da resolución da convocatoria resolverase pola Alcaldía ou Concellería delegada, previa presentación da solicitude e a documentación que acredite dito incidente no Rexistro Xeral do Concello de Narón, na sede electrónica, ou por calquera outro dos medios previstos no art. 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A falsidade ou ocultación dos datos ou documentos achegados polos/as solicitantes suporá a devolución do importe da axuda, no caso de ter adquiridos os agasallos.

Aos/ás beneficiarios/as destas axudas lles será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido nos art. 50 a 68 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e nos art. 52 a 69 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

13.- Notificación e recursos

A resolución que conceda ou denegue as axudas será notificada ao/á solicitante, tendo en conta o medio de notificación indicado na solicitude, de acordo co establecido no art. 40 e ss. da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poñendo fin á vía administrativa.

Na mesma indicárase ao/á interesado/a que esta información será remitida ao Rexistro Público de Subvencións, de acordo co establecido no art. 14.1.ñ) da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Contra ela poderá interpoñerse recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, ou ser impugnada directamente ante a Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

14.- Normas de aplicación

En todo o non previsto nestas bases, a concesión ou denegación destas axudas regularase polo disposto na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, no RD 887/2006 regulamento que desenvolve a Lei 38/2003, na Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón e demais normativa concordante.

15.- Datos de carácter persoal

En todo o procedemento aquí regulado darase cumprimento ao establecido na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, así como ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

16.- Publicación do anuncio da convocatoria

A presente convocatoria remitírase á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a súa publicación no BOP, ademais de ser exposta na páxina web do Concello e no taboleiro de edictos. Publicarase un anuncio nun xornal de difusión na comarca, con indicación do obxecto e finalidade das axudas, requisitos para formular as solicitudes, lugar e prazo de presentación e a oficina municipal onde se poden obter os modelos de solicitude.



MARIAN FERREIRO DIAZ
A Alcaldesa-Presidenta
21-08-2024 13:56:32